



OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Marzo 2021

CONCELLO DE A CORUÑA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de A Coruña

Marzo 2021		
VIAXEIROS	Nº	10.635
	Var. 21/20	1,5%
PERNOCTACIÓNS	Nº	25.514
	Var. 21/20	-14,1%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,40
	Var. 21/20	-15,3%
OCUPACIÓN (%)	%	24,36%
	Var. 21/20	-3,07
ADR (€)	€	53,7 €
	Var. 21/20	2,6%
RevPAR (€)	€	16,2 €
	Var. 21/20	-13,1%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


Marzo 2021		
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	9.801
	Var. 21/20	10,3%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	834
	Var. 21/20	-47,8%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	23.008
	Var. 21/20	-1,1%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	2.506
	Var. 21/20	-61,1%

MARZO 2021


- En marzo deste ano 2021 mantense a tendencia negativa dos últimos meses na cidade de A Coruña, como consecuencia dos efectos da crise da Covid19, mais xorden algunhas diferenzas respecto da dinámica global. En particular, rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira pero de menor intensidade –o volume de noites descende nun 14,1%- e cunha casuística diferente –esta caída vén motivada por un descenso da estadía media nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados mantense relativamente estable-.
- Cambia, por tanto, a dinámica de comportamento dos meses anteriores no sentido de que se ralentiza o ritmo das caídas do último ano, manténdose en todo caso o nivel final de demanda en mínimos da serie histórica con máis de 25 mil noites. En marzo de 2019, anterior á pandemia, o nivel situábase por encima das 62 mil pernoctacións.
- A Coruña é neste mes o destino urbano de Galicia con maior volume de demanda hoteleira.

- En termos de viaxeiros aloxados a cifra global mantense relativamente estable –se ben nun sentido estrito rexístrase un incremento do 1,5%- por debaixo dos once mil.
- O 90% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 10% restante é de orixe internacional.
- Neste mes obsérvase un comportamento diferente dos dous grandes segmentos de mercado, non tanto no resultado global –ambos presentan caídas en relación ao pasado ano- como na intensidade e motivacións. O turismo nacional descende apenas nun 1,1% -porcentaxe moi inferior á que se viña observando no último ano- como consecuencia dun empeoramento da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois increméntase nun 10,3%. Radica aquí unha das grandes novidades deste mes, o resultado positivo en termos de viaxeiros para o mercado nacional.
- O turismo internacional en cambio continúa coa súa tendencia negativa de alta intensidade, e mantén as caídas dos últimos meses tanto no que se refire á cifra de viaxeiros –descende nun 48%- como no relativo ao volume de noites –que cae neste caso nun 61%-.
- En termos comparativos, por tanto, o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore tamén a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 78% do total das noites hoteleiras en marzo do pasado ano ao 90% actual –a porcentaxe máis alta dos últimos dezaseis anos e equivalente á rexistrada en 2005-.
- Neste mes rexístrase unha caída da estadia media –do 15,3%- que sitúa o nivel final en 2,4 noites –cifra obviamente inferior á do pasado ano pero superior a toda a serie anterior-. Acontece isto logo da forte suba rexistrada en marzo do pasado ano que situou a cifra media en 2,8 noites. Semella que a medida que se recupera certo nivel de demanda e normalidade no sector hoteleiro a estadia media regresa cara os seus niveis habituais que se situaban no contorno das dúas noites.
- A estadia media en A Coruña sitúase catro décimas por encima da media da comunidade.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce unha leve caída da oferta dispoñible, de menor intensidade. O volume de prazas ofertadas cae nun 3,4% en relación ao pasado ano, con preto de 3.400 prazas de media mensual. A grandes trazos pode falarse de certa estabilidade da oferta neste contexto de pandemia, freando o ritmo de caída do último ano pero sen chegar a recuperar o nivel de oferta anterior a esta crise –en marzo de 2019 ofertábanse entorno a cinco mil prazas hoteleiras na cidade-.
- En calquera caso, o peor comportamento da demanda respecto da oferta leva a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 27,4% en marzo do pasado ano ao 24,4% actual-. A perda sitúase nos tres puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano por encima da media dos destinos urbanos de Galicia, e tamén da media do conxunto da comunidade.
- As tarifas hoteleiras rexistran un leve incremento neste mes –soben un 2,6% en particular- situándose en 53,7 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de mellora das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias actúan en sentido contrario en termos de rendibilidade e levan neste mes a un empeoramento global no ámbito hoteleiro –o RevPAR hoteleiro cae nun 13,1% para situarse en 16,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de A Coruña. Marzo 2012-21



Noites hoteleiras no concello de A Coruña, por mercados. Marzo 2012-21



CONCELLO DE FERROL

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ferrol

Marzo 2021		
VIAXEIROS	Nº	1.276
	Var. 21/20	-20,0%
PERNOCTACIÓN	Nº	7.266
	Var. 21/20	59,8%
ESTADIA MEDIA	Nº	5,69
	Var. 21/20	99,7%
OCUPACIÓN (%)	%	38,09%
	Var. 21/20	19,96



Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

Marzo 2021		
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	1.078
	Var. 21/20	-23,9%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	197
	Var. 21/20	9,4%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	5.344
	Var. 21/20	41,0%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	1.922
	Var. 21/20	153,2%

MARZO 2021

- Ferrol rexistra neste mes un importante crecemento do nivel de demanda hoteleira –o volume de pernoctacións sobe nun 60%- como consecuencia do notable impulso da estadia media –que dobra o nivel do pasado ano- nun contexto no que descende a cifra de viaxeiros aloxados –nun 20,0% neste caso-.
- As variacións das principais variables de demanda son moi notables, superiores ás rexistradas nos restantes destinos urbanos de Galicia, e responden en parte aos baixos niveis aos que fai referencia. En síntese, Ferrol rexistra preto de 1.300 viaxeiros aloxados –a cifra máis baixa das cidades galegas- e case 7.300 noites –valor que neste caso sitúase por encima de Ourense e Pontevedra-.
- Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que o incremento deste mes eleva o nivel por encima dos valores rexistrados nos dous últimos anos e por debaixo da cifra rexistrada en marzo de 2018 –con máis de nove mil noites-.
- O 73% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 27% restante é de orixe internacional.

- Neste mes, e como excepción á dinámica global, obsérvase un comportamento positivo e parello dos dous grandes segmentos de mercado, isto é, tanto o turismo nacional coma o internacional melloran os datos de marzo do pasado ano. O mercado de orixe estatal –con importante peso do interno- sobe un 41% –grazas á mellora da estadía media- mentres que o internacional supera en máis do dobre os niveis de 2020 –como consecuencia tamén dun notable incremento da estadía media nun contexto no que tamén sobe, pero con menor intensidade, a cifra de viaxeiros estranxeiros-.
- Tal circunstancia é excepcional pois, por exemplo, Ferrol é o único destino de Galicia con incremento do turismo internacional neste mes de marzo –cando menos no ámbito urbano-.
- Outro elemento tamén excepcional atinxe á estrutura do mercado turístico hoteleiro. Por mor do mellor comportamento observado no segmento internacional fronte ao nacional o primeiro gaña peso no conxunto global –en case dez puntos- representando o 27% do total da demanda –a porcentaxe máis alta dos destinos urbanos de Galicia-.
- Como se comentou anteriormente, a estadía media hoteleira en Ferrol sobe neste mes – particularmente dobra a cifra de marzo de 2020- situándose en 5,7 noites –a cifra máis elevada, e con diferenza, dos destinos urbanos de Galicia-. Supón tamén un máximo na curta serie histórica da cidade.
- O incremento do nivel de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 24% en relación ao pasado ano, con pouco máis de 600 prazas de media mensual-. En consecuencia, o mellor comportamento da demanda respecto da oferta leva a unha mellora do nivel de ocupación –pasa do 18,1% en marzo do pasado ano ao 38,1% actual-. O incremento acada os vinte puntos porcentuais e coloca a Ferrol como a cidade de Galicia co nivel de ocupación máis elevado neste mes de marzo.

Noites hoteleiras no concello de Ferrol. Marzo 2015-21*Noites hoteleiras no concello de Ferrol, por mercados. Marzo 2015-21*

CONCELLO DE LUGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Lugo

Marzo 2021		
VIAXEIROS	Nº	4.760
	Var. 21/20	-40,9%
PERNOCTACIÓNS	Nº	7.766
	Var. 21/20	-37,8%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,63
	Var. 21/20	5,2%
OCUPACIÓN (%)	%	18,71%
	Var. 21/20	-13,97
ADR (€)	€	39,4 €
	Var. 21/20	40,2%
RevPAR (€)	€	10,9 €
	Var. 21/20	23,6%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.



Marzo 2021		
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	4.553
	Var. 21/20	-40,5%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	207
	Var. 21/20	-47,9%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	7.477
	Var. 21/20	-37,5%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	289
	Var. 21/20	-45,3%

MARZO 2021

- En marzo deste ano 2021 mantense a dinámica negativa do pasado ano como consecuencia dos efectos da pandemia da Covid19. En particular, rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Lugo con descensos do 41% na cifra de viaxeiros aloxados e do 38% no relativo ao volume de noites.
- Esta caída acontece nun contexto de desescalada da terceira onda da pandemia en Galicia, con descenso do número de casos Covid19 e redución de restricións a nivel autonómico e local, e contrasta coa dinámica observada noutros destinos urbanos de Galicia. De feito, Lugo é a cidade que rexistra o peor comportamento neste terceiro mes do ano, rexistrando a caída máis acusada no conxunto da comunidade.
- Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase unha caída acumulada da demanda nos últimos tres anos, con descensos continuos desde o 2019 que levan a unha perda notoria neste

terceiro mes –pasa de rexistrar máis de 23 mil noites en marzo de 2018 a menos de oito mil agora en 2021-. Este dato supón un novo mínimo histórico na cidade amurallada.

- En termos absolutos a perda sitúase nas 13 mil noites con respecto ao rexistrado en marzo de 2019, antes da incidencia da pandemia.
- O 96% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que tan só o 4% restante é de orixe internacional.
- Neste mes obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con descensos de similar intensidade. O turismo nacional cae nun 37,5% como consecuencia dun empeoramento semellante da cifra de viaxeiros españois –do 40,5% neste caso-. Con isto, este segmento marca un mínimo de demanda con menos de oito mil noites.
- O turismo internacional descende tamén, nun 45,3% neste caso, rexistrando apenas 300 pernoctacións hoteleiras en Lugo –cifra que amosa a escasa presenza e representatividade deste segmento na cidade neste inicio de 2021-.
- Ambos segmentos teñen, por tanto, un comportamento parello tanto na dirección como na intensidade o que leva a que se manteña a grandes trazos o peso e representatividade de cada un deles sobre o volume global –a diferenza doutros destinos e mesmo do conxunto da comunidade onde se aprecia mellor comportamento relativo do turismo de ámbito nacional-.
- Neste contexto de descenso da demanda rexístrase un leve incremento da estadia media –do 5,2%- situándose en pouco máis de 1,6 noites –a segunda cifra máis baixa dos destinos urbanos de Galicia pois soamente mellora o dato de Ourense-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde se produce, como excepción deste mes, un incremento da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas sobe un 8,6% en relación ao pasado ano, con algo máis de 1.300 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón 100 prazas novas respecto de marzo de 2020-. Rómpeuse, por tanto, a tendencia de caída da oferta dispoñible provocada polas restricións impostas por mor do control da pandemia, e falta ver nos próximos meses si se mantén esta dinámica.
- A caída dos niveis de demanda leva, por tanto, a un empeoramento dos niveis de ocupación –pasa do 32,7% en marzo do pasado ano ao 18,7% actual-. A perda achégase aos 14 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano no contorno da media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras rexistran neste mes un forte incremento en termos interanuais, superando nun 40,2% o nivel medio de marzo do pasado ano, situándose en 39,4 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Esta notable suba dos prezos provoca unha mellora dos niveis de rendibilidade hoteleira, a pesar dos resultados negativos en termos de demanda e ocupación. En síntese, o RevPAR hoteleiro increméntase nun 23,6% para situarse en 10,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible. Lugo é o único destino urbano de Galicia que consegue mellorar os niveis de rendibilidade do sector hoteleiro neste mes de marzo.

Noites hoteleiras no concello de Lugo. Marzo 2012-21*Noites hoteleiras no concello de Lugo, por mercados. Marzo 2012-21*

CONCELLO DE OURENSE

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ourense

Marzo 2021		
VIAXEIROS	Nº	4.720
	Var. 21/20	-1,0%
PERNOCTACIÓNS	Nº	6.883
	Var. 21/20	-25,0%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,46
	Var. 21/20	-24,3%
OCUPACIÓN (%)	%	19,32%
	Var. 21/20	-8,52
ADR (€)	€	57,4 €
	Var. 21/20	5,7%
RevPAR (€)	€	13,7%
	Var. 21/20	-23,1%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

Marzo 2021		
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	4.291
	Var. 21/20	1,7%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	429
	Var. 21/20	-21,6%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	6.357
	Var. 21/20	-23,6%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	526
	Var. 21/20	-38,6%


MARZO 2021

- En marzo deste ano 2021 mantense a dinámica negativa dos últimos meses como consecuencia dos efectos da pandemia da Covid19. En particular, rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ourense –o volume de noites cae nun 25,0%- como consecuencia esencialmente dun descenso paralelo da estadia media nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados mantense relativamente estable.
- Esta caída acontece nun contexto de desescalada da terceira onda da pandemia en Galicia, con descenso do número de casos Covid19 e redución de restricións a nivel autonómico e local, e vai na liña do observado nalgúns destinos urbanos da comunidade.
- Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase unha caída acumulada da demanda nos últimos dous anos, con descensos en 2020 e agora en 2021 que levan a unha perda notoria do volume de pernoctacións neste terceiro mes –pasa de rexistrar preto de 19 mil noites en marzo


de 2019 a menos de sete mil agora en 2021-. Este dato supón un novo mínimo histórico na cidade, e a segunda cifra máis baixa dos destinos urbanos de Galicia.

- En termos absolutos a perda sitúase preto das 12 mil noites con respecto ao rexistrado en marzo de 2019, antes da incidencia da pandemia.
- O 92% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 8% restante é de orixe internacional.
- Neste mes obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con descenso de similar intensidade, pero por diferentes motivos. O turismo nacional cae nun 23,6% como consecuencia dun forte descenso da estadía media pois a cifra de viaxeiros españois increméntase levemente en relación ao pasado ano –un 1,7% en particular-.
- O turismo internacional descende tamén, nun 38,6% neste caso, como consecuencia neste caso dunha caída da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 21,6%. Son pouco máis de 500 pernoctacións hoteleiras en Ourense –cifra que amosa a escasa presenza e representatividade deste segmento na cidade neste inicio de 2021-.
- Ambos segmentos teñen, por tanto, un comportamento parello tanto na dirección como na intensidade o que leva a que se manteña a grandes trazos o peso e representatividade de cada un deles sobre o volume global, mesmo en comparación co que se observaba antes da pandemia.
- Neste mes rexístrase un importante descenso da estadía media –do 24,3%- que provoca en grande medida a caída do volume global de pernoctacións hoteleiras. O dato final fica levemente por debaixo de 1,5 noites –cifra que supón un mínimo da serie dos últimos dez anos. É tamén a cifra máis baixa dos destinos urbanos de Galicia.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde se produce, como excepción deste mes, un incremento da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas sobe un 8,2% en relación ao pasado ano, con algo máis de 1.100 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón preto de 100 prazas novas respecto de marzo de 2020-. Rómtese, por tanto, a tendencia de caída da oferta dispoñible provocada polas restricións.
- Ourense é, xunto con Lugo e Pontevedra, un dos destinos urbanos de Galicia onde se ofertou maior número de prazas neste mes respecto do pasado ano.
- A caída dos niveis de demanda leva, por tanto, a un empeoramento dos niveis de ocupación –pasa do 27,8% en marzo do pasado ano ao 19,3% actual-. A perda supera os oito puntos porcentuais e coloca a cifra deste ano no contorno da media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras rexistran neste mes un incremento en termos interanuais, superando nun 5,7% o nivel medio de marzo do pasado ano, situándose en 57,4 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O descenso do nivel de demanda e ocupación provoca neste mes unha caída dos niveis de rendibilidade no sector hoteleiro, a pesar do incrementos dos prezos. O RevPAR hoteleiro descende nun 23,1% para situarse en 13,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de Ourense. Marzo 2012-21



Noites hoteleiras no concello de Ourense, por mercados. Marzo 2012-21



CONCELLO DE PONTEVEDRA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Pontevedra

Marzo 2021		
VIAXEIROS	Nº	2.270
	Var. 21/20	-21,7%
PERNOCTACIÓNS	Nº	4.900
	Var. 21/20	-12,4%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,16
	Var. 21/20	11,9%
OCUPACIÓN (%)	%	12,65%
	Var. 21/20	-4,74

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


Marzo 2021		
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	2.047
	Var. 21/20	10,9%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	223
	Var. 21/20	-78,8%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	4.475
	Var. 21/20	25,6%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	424
	Var. 21/20	-79,1%

MARZO 2021


- En marzo deste ano 2021 mantense a dinámica negativa dos últimos meses. En particular, rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Pontevedra –o volume de noites cae nun 12,4%- como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros aloxados –do 21,7%- nun contexto de mellora da estadia media.
- Esta caída acontece nun contexto de desescalada da terceira onda da pandemia en Galicia, con descenso do número de casos Covid19 e redución de restricións a nivel autonómico e local, e vai na liña do observado nalgúns destinos urbanos da comunidade. Con todo, é moito menor en termos de intensidade en relación ao que se viña observando nos últimos meses.
- Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase unha caída acumulada da demanda nos últimos dous anos, con descensos en 2020 e agora en 2021 que levan a unha perda notoria do volume de pernoctacións neste terceiro mes –pasa de rexistrar preto de 20 mil noites en marzo de 2019 a menos de cinco mil agora en 2021-. Este dato supón un novo mínimo histórico na cidade, e ao mesmo tempo a cifra máis baixa dos destinos urbanos de Galicia.

- O 91% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 9% restante é de orixe internacional.
- Neste mes obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. Dunha banda sobe o turismo de ámbito nacional –nun 25,6%- como consecuencia da confluencia positiva de dous factores: crecemento da cifra de viaxeiros españois e mellora da estadia media. Neste sentido o segmento de orixe estatal acada preto de 4.500 noites, cifra aínda inferior á que se rexistraba antes da pandemia.
- Pontevedra é unha das catro cidades de Galicia con comportamento positivo do turismo nacional neste mes de marzo.
- O turismo internacional amosa, en cambio, unha dinámica negativa –continuando coa tendencia de meses anteriores- e rexistra unha caída global do 79% no volume de noites hoteleiras por mor dun descenso paralelo da cifra de viaxeiros estranxeiros, nun contexto no que a estadia media mantense relativamente estable.
- O mellor comportamento relativo do mercado nacional fronte ao internacional provoca un cambio na estrutura da demanda en favor do primeiro. Gaña notable peso neste mes pasando de representar o 64% do total das noites en marzo do pasado ano ao 91% actual. Similar cambio pero en sentido contrario acontece co turismo internacional, que perde case 28 puntos de peso en Pontevedra.
- Neste mes rexístrase un incremento da estadia media hoteleira –do 11,9%- que sitúa o nivel final preto de 2,2 noites –dato que se sitúa por debaixo da media dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde se produce, como excepción deste mes, un incremento da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas sobe un 20% en relación ao pasado ano, con preto de 1.300 prazas de media mensual. Rómpeuse, por tanto, a tendencia de caída da oferta dispoñible provocada polas restricións.
- Pontevedra é, xunto con Lugo e Ourense, un dos destinos urbanos de Galicia onde se ofertou maior número de prazas neste mes respecto do pasado ano.
- A caída dos niveis de demanda leva, por tanto, a un empeoramento dos niveis de ocupación – pasa do 17,4% en marzo do pasado ano ao 12,6% actual-. A perda achégase aos cinco puntos porcentuais e coloca a cifra deste ano na máis baixa dos destinos urbanos de Galicia.
- É tamén a porcentaxe máis baixa da curta serie histórica da cidade, marcando notable diferenza coas cifras altas que se rexistraban, por exemplo, en marzo de 2018 e 2019 –cando se situaba no contorno do 48% de media-.

Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. Marzo 2015-21



Noites hoteleiras no concello de Pontevedra, por mercados. Marzo 2015-21



CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Santiago

Marzo 2021		
VIAXEIROS	Nº	8.141
	Var. 21/20	-36,0%
PERNOCTACIÓNS	Nº	22.919
	Var. 21/20	-12,2%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,82
	Var. 21/20	37,3%
OCUPACIÓN (%)	%	16,19%
	Var. 21/20	-0,18
ADR (€)	€	44,3 €
	Var. 21/20	-20,3%
RevPAR (€)	€	7,3 €
	Var. 21/20	-9,5%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


Marzo 2021		
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	7.403
	Var. 21/20	-1,7%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	738
	Var. 21/20	-85,8%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	21.195
	Var. 21/20	22,1%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	1.724
	Var. 21/20	-80,3%

MARZO 2021


- En marzo deste ano 2021 mantense a dinámica negativa dos últimos meses como consecuencia dos efectos da pandemia da Covid19. En particular, rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Santiago con descensos do 36% na cifra de viaxeiros aloxados e do 12% no relativo ao volume de noites.
- Esta caída acontece nun contexto de desescalada da terceira onda da pandemia en Galicia e, despois dun ano de descensos drásticos, redúcese a intensidade da tendencia negativa ficando o nivel final deste mes de marzo en preto de 23 mil noites –dato que supón un novo mínimo da serie histórica na cidade-. Santiago sitúase no grupo das tres cidades con maior volume de demanda hoteleira de Galicia, pero cunha cifra algo inferior á rexistrada en A Coruña e Vigo.

- Ralentízase o ritmo de caída da demanda pero obviamente o nivel final fica lonxe dos volumes que se rexistraban antes da pandemia, cando Santiago lideraba o mercado turístico hoteleiro en Galicia –en marzo de 2019 rexistraba 82 mil noites nos hoteis e pensións da cidade-.
- O 92,5% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 7,5% restante é de orixe internacional.
- Neste mes obsérvase un comportamento absolutamente dispar dos dous grandes segmentos de mercado, con variacións de dirección oposta que responden tamén a motivos diferentes. O turismo nacional increméntase nun 22,1% como consecuencia dunha mellora notable da estadía media pois a cifra de viaxeiros españois mantense relativamente estable.
- O turismo internacional presenta en cambio un comportamento negativo, con fortes caídas tanto da cifra de viaxeiros estranxeiros coma do volume de noites –que superan en ambos casos o 80% interanual-. Con isto o mercado internacional rexistra apenas 1.700 pernoctacións hoteleiras, cifra case ridícula en comparación cos niveis que habitualmente tiña a cidade neste terceiro mes do ano –en 2019 superaba as 27 mil noites, por exemplo-.
- Ambos segmentos teñen, por tanto, un comportamento moi diferente o que leva a que cambie o peso e representatividade de cada un deles sobre o volume global. Así por exemplo o turismo de ámbito nacional pasa de representar o 66% do total demanda en marzo do pasado ano ao 92,5% actual.
- En síntese, Santiago recupera neste mes certo nivel de demanda de orixe estatal – probablemente a maioría de carácter interno- pero insuficiente para contrarrestar a continua perda de turismo estranxeiro que segue o mesmo patrón dos últimos meses.
- Neste contexto de descenso da demanda rexístrase un notable incremento da estadía media – sobe un 37%- situándose en pouco máis de 2,8 noites –a segunda cifra máis alta dos destinos urbanos de Galicia pois soamente fica por debaixo do dato de Ferrol-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde se produce en paralelo unha caída da oferta dispoñible, de similar intensidade. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 11,2% en relación ao pasado ano, con algo máis de 4.500 prazas de media mensual.
- A variación parella dos niveis de oferta e demanda leva, por tanto, a unha estabilidade dos niveis de ocupación –ficando no 16,2%-. Mantense estable a ocupación dos hoteis e pensións da cidade logo da forte caída rexistrada no pasado ano, de 20 puntos, deixando a cifra final e mínimos da serie histórica.
- As tarifas hoteleiras rexistran neste mes un descenso en termos interanuais, ficando un 20% por debaixo do nivel medio de marzo do pasado ano, e situándose por tanto en 44,3 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O descenso dos prezos provoca en grande media unha caída dos niveis de rendibilidade hoteleira, nun contexto no que o nivel de ocupación se mantén relativamente estable. En síntese, o RevPAR hoteleiro descende nun 9,5% para situarse en 7,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible –a cifra máis baixa dos destinos urbanos da comunidade-.

Noites hoteleiras no concello de Santiago. Marzo 2012-21



Noites hoteleiras no concello de Santiago, por mercados. Marzo 2012-21



CONCELLO DE VIGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Vigo

Marzo 2021		
VIAXEIROS	Nº	10.786
	Var. 21/20	8,2%
PERNOCTACIÓNS	Nº	24.409
	Var. 21/20	21,8%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,26
	Var. 21/20	12,6%
OCUPACIÓN (%)	%	21,40%
	Var. 21/20	3,45
ADR (€)	€	51,2 €
	Var. 21/20	-7,5%
RevPAR (€)	€	14,0 €
	Var. 21/20	-21,1%


Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

Marzo 2021		
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	9.555
	Var. 21/20	22,3%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	1.231
	Var. 21/20	-43,0%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	21.075
	Var. 21/20	36,0%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	3.334
	Var. 21/20	-26,5%

MARZO 2021

- A cidade de Vigo é, xunto con Ferrol, un dos destinos urbanos de Galicia que neste mes de marzo rompe coa tendencia negativa do último ano e consegue resultados positivos en termos de demanda hoteleira. Así, rexistra un incremento do volume de noites –do 21,8%- propiciado por dous factores: maior número de viaxeiros aloxados –sobe un 8,2%- e mellora da estadia media –que se incrementa neste caso nun 12,6%-.
- Vigo recupera, por tanto, a senda positiva que deixara xustamente hai un ano e resta ver nos próximos meses si se trata dun feito puntual ou dun cambio de tendencia. Con isto rexistra neste mes de marzo máis de 24 mil noites, cifra obviamente superior á do pasado ano pero inferior a toda a serie anterior –fica, por exemplo, un 60% por debaixo do valor de 2019-.
- Vigo é neste mes o segundo destino urbano de Galicia con maior volume de demanda hoteleira, cun nivel próximo ao rexistrado en A Coruña e por encima das restantes cidades.

- O 86% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 14% restante é de orixe internacional.
- Neste mes obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo de ámbito nacional amosa unha dinámica positiva, superando nun 36,0% o nivel de demanda do pasado ano como consecuencia dun crecemento da cifra de viaxeiros españois –do 22%- nun contexto de mellora da estadía media.
- O turismo internacional amosa en cambio un comportamento negativo, mantendo desta maneira a tendencia do último ano. A caída sitúase no 26,5% para o volume de noites como consecuencia dun descenso do 43% na cifra de viaxeiros estranxeiros que se ve amortiguada en certa maneira por unha mellora da estadía media.
- Así pois é o mercado nacional, no que probablemente teña un notable peso o turismo interno, o responsable dos datos positivos da cidade de Vigo neste mes. O crecemento do turismo que provén do conxunto do Estado obsérvase tamén noutras tres cidades: Ferrol, Santiago e Pontevedra.
- O mellor comportamento do turismo nacional fronte ao internacional leva novamente a un cambio na estrutura do mercado hoteleiro en Vigo, gañando peso o primeiro –en nove puntos, pasando do 77% do total en marzo do pasado ano ao 86% actual- e perdendo representatividade o segundo na mesma proporción.
- Como se comentou anteriormente, a estadía media hoteleira en Vigo sobe neste mes, un 12,6% en particular, para situarse preto de 2,3 noites –cifra parella á de 2019 que supón, por tanto, recuperar un máximo da serie histórica. O valor sitúase próximo á media dos destinos urbanos da comunidade pero por encima da media de Galicia.
- O incremento do nivel de demanda prodúcese nun contexto onde tamén sobe, levemente, a oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas ascende a preto de 3.700, un 2,4% por encima do valor de marzo do pasado ano-. En consecuencia, o mellor comportamento da demanda respecto da oferta leva a unha mellora do nivel de ocupación –pasa do 18,0% en marzo do pasado ano ao 21,4% actual-. O incremento supera os tres puntos porcentuais e sitúa a porcentaxe levemente por encima da media dos destinos urbanos de Galicia.
- Vigo é, xunto con Ferrol, unha das cidades da comunidade con melloras do nivel de ocupación neste mes de marzo.
- As tarifas hoteleiras descenden neste mes –un 7,5% en particular- situándose en 51,2 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O descenso dos prezos provoca neste mes unha perda dos niveis de rendibilidade hoteleira, a pesar de conseguir resultados positivos en termos de demanda e ocupación. Así, o RevPAR hoteleiro cae en marzo nun 21,1% para situarse en 14,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Noites hoteleiras no concello de Vigo. Marzo 2012-21*Noites hoteleiras no concello de Vigo, por mercados. Marzo 2012-21*